



# ANPE INFORMA

## ACORDO DE AGRUPAMENTOS

En Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2009

### REUNIDOS

Dunha parte D. José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de centros e recursos humanos, en nome e representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e,

Doutra parte, as organizacións sindicais asinantes ao final do presente documento,

Sobre os agrupamentos do alumnado de educación infantil e primaria para os efectos de constitución de unidades

### ADOPTAN O SEGUINTE PREACORDO

**Primeiro.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará anualmente o número de unidades e postos de traballo dos centros de Educación Infantil, Educación Infantil e Primaria e Educación Primaria.**

**Segundo.-Cando teña que agruparse alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos de educación infantil e de educación primaria, para determinar o número de unidades aplicaranse os criterios que se establecen nos apartados seguintes, agás nos supostos excepcionais como os das escolas unitarias, a ubicación dos centros ou outras circunstancias aconsellen unha actuación diferente. Estes supostos excepcionais serán analizados e negociados nas Xuntas de Persoal.**



# ANPE INFORMA

**Terceiro.-**Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente ao mesmo ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a catorce.

**Cuarto.-**Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a doce.

**Quinto.-**Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente a toda a etapa nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a dez.

**Sexto.-**Poderase agrupar o alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria cando nunha mesma unidade o número sexa igual ou inferior a dez.

**Sétimo.-**Poderase agrupar o alumnado de Educación Infantil pertencente a diferentes niveis nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a 14.

**Oitavo.-**Poderase agrupar o alumnado de Educación Infantil de diferentes niveis cando inclúa alumnado de tres anos nunha mesma unidade e o número sexa igual ou inferior a doce alumnos.

**Noveno.-**Para os efectos do establecido nos apartados anteriores computará o alumnado repetidor.

**Décimo.-**Os centros que escolaricen alumnado con necesidades educativas específicas serán analizados e negociados nas Xuntas de Persoal.



# ANPE INFORMA

**Décimo primeiro.-As supresións das escolas unitarias serán analizadas e negociadas nas Xuntas de Persoal.**

**Décimo segundo.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ofertará formación específica para o profesorado que imparta docencia a alumnado de diferentes idades.**

**Décimo terceiro.-Aos efectos de non suprimir unidades nos centros educativos de educación infantil, educación infantil e primaria e educación primaria o presente acordo será xa de aplicación para o próximo curso académico 20092010.**

**Décimo cuarto.-A creación das novas unidades de educación infantil e de educación primaria derivadas da aplicación do presente acordo realizarase progresivamente e de forma proporcional nos cursos académicos 2009-2010 e 2010-2011, de tal xeito que a súa aplicación estará rematada ao inicio do curso 2010-2011.**

**Das unidades que teñan que crearse por aplicación do presente acordo, o 50 por 100 realizarase no curso académico 2009-2010, dando prioridade ás que teñan un maior número de alumnado.**

**Décimo quinto.-Comisión de seguimento.**

**Coa finalidade de asegurar a correcta aplicación e interpretación do presente acordo, constituirase unha comisión de seguimento formada por representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das Organizacións Sindicais asinantes do mesmo. Esta comisión reunirse por solicitude de calquera das partes e, como mínimo, unha vez ao ano, durante o mes de maio, con carácter previo a que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elabore a proposta de unidades dos centros de educación infantil, infantil e primaria e educación primaria para o seguinte curso académico.**